



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Federico Fernández Fernández
Rodrigo Alberte Pivida
Carlos Mollinedo Lois

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña

U.G.T.

Arturo Casar Sarasola
J. José Fernández Pérez

DELEGAN VOTO

Cándido Pérez Betanzos
Carmen Serra Rodríguez
Antón García Fernández

AUSENTES C.I.

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo
Concepción García Lozano

***DS-** Delegado Sindical

Reunidos no 4º andar do Edificio de Ferro do Campus de Ourense o día 9 de novembro de 2004, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Convocatorias pendentes. Nomeamento de tribunais.
5. Denuncia da vixencia do Iº Convenio da Universidade de Vigo.
6. Puntualizacións sobre o documento relativo ao PAS-L aprobado no Consello de Goberno celebrado o 22 de xullo.
7. Contratos dos TEB que ocupan postos modificados na RPT aprobada no Consello de Goberno de 17 de xuño.
8. Enquisa sobre formación.
9. Interpretación da xerencia sobre o pagamento dos trienios ao persoal con contratos de corta duración.
10. Proposta curso de formación para o ATB.
11. Escrito conxunto da X de P e do CI solicitando cese do xerente.
12. Planificación do traballo do CI no próximo cuadrimestre.
13. Rogos e preguntas

A reunión é presidida por Rodrigo Alberte, Vicepresidente do CI, ao continuar de baixa Cándido Pérez. Antes de comezar a reunión da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden aos debidamente enviados por Cándido Pérez que delega en Rodrigo Alberte, Carlos Mollinedo que delega en Federico Fernández e Carmen Serra que delega en Manuel Velasco.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

A acta da reunión correspondente ao 21 de outubro foi enviada con antelación a tódolos membros do CI. Tras corrixir algúns erros e engadir algúns matices, a acta apróbase por unanimidade.

2. Informe do Presidente.

- Da contratación temporal, prórrogas e mobilidade
 - Cese no cambio de categoría concedido a Benigno Gavilanes tras a incorporación de Magdalena Fernández Fernández.
 - Cese na realización de traballos de categoría superior de Rodrigo Alberte Pivida, tras a incorporación de Luis Pérez Gómez.
- Mensaxe enviada ao secretario polo xefe de RR HH na que achega ao CI as convocatorias de TS de Teledetección e TS servizos xerais de investigación como paso previo para envialas ao DOG.
- Escrito feito polo secretario a petición do presidente da XP na que se pide que se execute un acordo da última Comisión de Emprego.
- Carta enviada polo vicerreitor de investigación convocando ao CI a unha reunión.
- Escrito enviado polo persoal de extensión universitaria.



- RR pola que se convoca as transformacións de categoría de parte do persoal procedente da ERL.
- Escrito enviado polos técnicos especialistas de xardinería.
- Relación de programas subvencionados pola Consellería de AA SS, emprego e RR LL.
- Da petición de reunión ao CI feita por bolseiros do programa Parga Pondal.
- Da denuncia do Iº Convenio. Da achega que fixo o secretario dese documento a Delegación Provincial de AA SS emprego e RR LL.
- Da actualización da demanda de conflito colectivo.
- Datos sobre o número de persoal con contrato laboral.
- Escrito enviado polo director da BUV á delegada de prevención Marisa Magaz Ledo.
- Execución de acordos:
 - Escrito enviado ao xefe de servizo da Asesoría Xurídica por mor da petición de ampliación da idade de xubilación feita por un traballador.
 - Escrito que sobre o mesmo asunto que se lles enviou aos profesores Xaime Cabeza e Pedro Rabanal.
 - Escrito de contestación enviado a Alejandra Vilas.
 - Escrito para que se paguen as vacacións.
 - Escrito aceptando a proposta de transformación de categoría para parte do persoal procedente da ERL. Nomeamento representantes CI.

Tras o informe, Carlos Mollinedo pregunta por que o Convenio Colectivo se denunciou na súa totalidade e non nas partes acordadas na reunión anterior. Rodrigo Alberte se suma a pregunta e di que a el lle meteron un gol. Manuel Velasco, explica que a denuncia se fixo deste xeito ao constatar que a UGT ía denunciar o texto completo.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

- **Reunión co representante do goberno reitoral, Salustiano Mato.**

Rodrigo, informa que na reunión o vicerreitor comunicou a creación dunha vicexerencia que a vai a ocupar Manuel Castro Oliva, quen ata a xubilación do actual xerente ten encomendada a misión de definir a nova organización xerencial. Unha vez que quede vacante o posto de xerente o equipo espera que o ocupe o vicexerente.
- **Reunión co persoal do parque móbil.**

O vicepresidente, da conta do que se tratou na reunión co persoal deste servizo, sendo o máis salientable o seguinte:

 - O responsable do parque móbil dixo que o seu servizo non está ben tratado nin pola xerencia nin polo CI.
 - Tamén manifestou que as funcións que desempeñan aumentaron considerablemente pois teñen que dedicar máis efectivos ao circular de mañá e tarde, aumentoulle o reparto de paquetería intercampus que realizan para a BUV, hai unha nova ruta e outro autobús para subir ao PAS ao campus de



Marcosende e, por último, considera que a limitación das horas extras (60 h. Ano) é un atranco.

- Deuse conta da senteza, favorable en primeira instancia, para que se lles pague a dispoñibilidade.

Por todo o exposto solicitan: 1 conductor máis, que se lles pague o complemento de dispoñibilidade, flexibilidade horaria e que se lles permita facer 80 horas extras ao ano.

Por parte dos representantes do CI, presentes na reunión, se lle manifestou o apoio a demanda de incrementar persoal, a necesidade de ter un sistema de control que permita traballar dun xeito flexible e se lle comunicou ao responsable que entre as súas funcións tamén está a de conducir (actividade que actualmente non fai).

- **Reunión Comisión de Acción Social.**

Anéxase a esta acta o informe elaborado polos representantes do CI nesta comisión.

4. Convocatorias pendentes. Nomeamento de tribunais.

Acéptanse as propostas enviadas polo servizo de RR HH de TE de bioloxía, TE de química, auxiliar técnico de instalacións deportivas e na de TE de actividades deportivas se suxire incluír un tema máis: “Organización de actividades e eventos deportivos. Sistemas de competición”, asemade solicitarase que as dúas prazas desta categoría saía primeiro a promoción interna. En tódalas convocatorias se pide que se poidan sumar as vacantes que se produzan ata resolución definitiva.

Por existir distintas posicións con respecto a se as 2 prazas de TEAD saían 50% para promoción interna e 50% para promoción libre, tal e como viña na convocatoria enviada por RR HH ou o 100% para promoción interna, houbo que someter a debate esta cuestión acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor de saían o 100% a promoción interna: 7

Votos en contra: 2

Abstencións: 3

Rodrigo Albarte, manifestou publicamente a súa intención de absterse ao considerarse parte interesada e Manuel Velasco, que tiña o voto delegado de Carmen Serra, manifestou, previamente a votación, que dado que na súa Sección Sindical neste caso e circunstancia (ningunha das prazas está ou estivo ocupada por persoal eventual) non existe unha única opinión, comunicou a abstención do voto delegado.

Os votos a favor xustificáronse tomando como argumento as escasas posibilidades que ten o persoal do grupo IV para promocionar e aproveitando a circunstancia de que non estiveron cubertas nunca por persoal eventual. Os partidarios de que a metade saíran a promoción libre baseáronse no principio de que todos/as temos dereito a participar nos procesos de selección da administración pública, poñendo este dereito por encima do de poder promocionar.

5. Situación do persoal que desenvolve funcións de apoio aos campus.

Carlos Mollinedo, abre o debate lembrando que o persoal de apoio aos campus (PAC) xurde como consecuencia dos acordos de transformación



de categorías durante a negociación do actual Convenio. Argumenta que inicialmente a súa función era garantir unha distribución máis lóxica do persoal evitando inflar o cadro de persoal. Pon como exemplo que en vez de solicitar unha praza de TESX para a Escola de Fisioterapia foi mellor conseguir dúas prazas de ATSX de apoio ao campus de Pontevedra. Sostén que, polo menos no Campus de Pontevedra, ningún PAS pode sentirse “explotado”. Remata a súa intervención, defendendo este tipo de posto e mostrándose favorable a que tódolos contratos de TEBS e de ATSX se fagan nesta modalidade.

Marisa Magaz, continua o debate apuntando o que o artigo 15 do actual Convenio, artigo no que se fala do cambio de quenda obrigatorio e do prazo de 30 días que impón para tomar unha decisión acordada. Di que esta razón xustifica que este persoal pasara a cubrir as necesidades que antes se resolvían cambiando a quenda dunha das persoas adscritas a ese centro ou área.

Conchi García pregunta se en Ourense hai PAC, Mollinedo lle contesta que hai unha TEB na biblioteca de campus que ten un contrato desas características, continuando coa súa intervención, argumenta que é necesario que o persoal de conserxería e de biblioteca a quen se lles encomendou a apertura nocturna fagan durante este horario tódalas funcións propias da categoría.

Marisa Magaz, nunha nova intervención, sinala que un dos problemas que se da con este tipo de persoal é a súa mobilidade, circunstancia que non permiten que coñezan a fondo o funcionamento dos centros, para solucionar esta eiva propón adscribir aos PAC a un número limitado de centros procurando sempre que coñezan as instalacións onde teñen que facer funcións de apoio.

Carlos Mollinedo, indica que este persoal esta dabondo cualificado porque así se preveu cando se fixeron as transformacións e que polo tanto deberan ser capaces de realizar as súas funcións en calquera centro de traballo.

Manuel Velasco, sostén que a creación do PAC foi unha iniciativa que a empresa impulsou durante a negociación do 1º Convenio que a parte social aceptou como contrapartida a un conxunto de importantes melloras para o persoal laboral encadradas nun modelo de ámbitos de traballo- o PAC xurdiu coa intención de apoiar aos centros con menor dotación de persoal, no caso do Campus de Marcosende, e de apoio ao campus en Pontevedra e Ourense. A ignorancia da actual xerencia do que no seu día se acordou está a facer que a este persoal se lle encomenden tarefas e destinos que no seu día non se consideraron. A creación de máis PAC ten que estar restrinxida e nunca deba ser unha concesión de balde a empresa. Agora que imos negociar un novo Convenio é preciso que reconsideremos esta figura, e no caso de que persista, temos que normalizar os ámbitos de traballo e as funcións do PAC.

Federico Fernández, é favorable a regular as funcións do PAC e trae a colación asuntos prácticos ao preguntar quen ten que comunicarlle un destino ou funcións a o PAC cando non hai un responsable directo e quen ten que chamalos, cando e como.

Rodrigo Albarte, fala da posibilidade de que este colectivo tivera un aliciente económico.

Victoria Alonso, lembra que durante a reunión que o CI mantivo co PAC algunhas persoas mostráronse reazas a ter un complementos específico dado que podería, en vez de equiparalos a o resto dos traballadores traballadoras, obrígalos a facer as tarefas menos agradables.



6. Estudio de necesidades de xornadas.

Carlos Mollinedo, que propuxo a inclusión deste punto na orde do día, sinala que na Universidade de Vigo hai horarios e complementos de tódalas cores asegurando que a maioría non facemos a xornada establecida. Lembra que é necesario establecer unha normativa horaria para evitar situacións como as que se dan actualmente pois, por exemplo, hai persoal que cobra o complemento de xornada partida e fai xornada continua ou persoal que cobrando a xornada partida o que en realidade teñen é unha situación de dispoñibilidade horaria.

Tras esta intervención coméntanse a situación que se está a dar nalgúns centros onde se están a impartir novas ensinanzas ou titulacións, pois segundo o lugar no que se traballe se están a aplicar criterios distintos con respecto a asunción destas tarefas por parte do PAS, criterios que, así mesmo, están a incidir nas retribucións que se perciben.

7. Convocatorias “laboras” 2004-05

Discútese a posibilidade de participar ou non nesta nova convocatoria pois se observa que hai oficinas, áreas ou servizos que dende que se crearon so está atendido por este persoal. Lémbrese que na primeira convocatoria o CI abstívose de participar nas comisións de selección e posteriormente tivemos moitos problemas. O debate conclúese acordando que é mellor participar para garantir unha selección obxectiva, non obstante o CI enviará un escrito ao xerente lembrándolle que con esta convocatoria ten que pechase un ciclo e que hai prazas que, dada a súa necesidade estrutural, é preciso incorporar a RPT. Neste punto tamén se nomean os representantes do CI nas comisións de selección.

8. Praza reserva de minusvalía.

O artigo 20.5 do actual Convenio di que se reservará o 4% da súa oferta [anual] de emprego para as persoas con minusvalía. Ata este momento so se ofertou unha praza (TETIC) e, polo número de prazas, é necesario ofertar outra en próximas convocatorias. Tras debater este tema, o Pleno acordou que esta praza sexa de ATSX ou TEB, ao considerar que son categorías que teñen un número amplo de efectivos e sempre será máis doado adaptar unha praza.

9. Concurso de traslados.

O Pleno acorda solicitar que o concurso de traslados, que é necesario realizar ao persoal do ATIC, se faga extensivo a todo o colectivo laboral pois o último concurso que se convocou foi no ano 2002. Como queira que o colectivo do ATIC foi excluído no ano 2002, o Pleno recoñece a débeda que existe con este persoal.

10. Productividade 2004 e incrementos 2005.

Propónse incluír este temas na reunión que se acorda solicitar ao xerente.

11. Apertura de centros os sábados.

Este asunto chega ao Pleno por mor dos problemas que se están a dar nalgúns centros coa realización de masters ou eventos similares neste día da semana.

Federico Fernández, sinala que hai centros que teñen os sábados cubertos ata a semana santa de 2006. Respecto ao pagamento deste



servizo, di que se están a aplicar distintos criterios, de tal xeito, que hai másters que pagan, a maiores, a atención que presta o persoal de conserxería e outros que non ao entender que esta é unha función máis das incluídas no Convenio. Este tipo de ensinanza se autofinancia e está establecido que o 10% dos ingresos son para a universidade e o 3% para o centro ou departamento que o organiza.

Marisa Magaz, di que non se pode permitir que a realización de másters teña incidencia posterior na xornada ordinaria e pregunta se estas actividades pode ser consideradas servizos mínimos pois, no Convenio se define claramente que o sábados se abre só se os servizos a realizar son deste tipo. Por último, sinala que estas ensinanzas non están reguladas e, volvendo a preguntar, di: ¿que horario hai establecido para os sábados?.

O debate conclúese acordando facer un escrito dando conta de esta situación e propoñendo incluír este tema na próxima reunión co xerente.

12. Horario de Nadal.

Outro tema que se tratará na reunión que se solicite ao xerente apuntándose que é necesario que a xornada que se estipule cumpra o Convenio.

13. Roupa de traballo

Rodrigo Alberte, da conta da relación de peticións que lle enviou a xerencia con indicación expresa, dentro de cada solicitude, das prendas ou obxectos que se saen do recollido especificamente en Convenio e, polo tanto, é necesario acordar tal e como se estipula no artigo 47. Dado o volume de peticións adíase a toma de acordo neste asunto ata que se estudie polo miúdo tódolos documentos.

14. Rogos e preguntas.

Non hai

Acordos:



- Contestar o escrito enviado polos técnicos especialistas en xardinería e zonas verdes.
- Facer un escrito dando conta do problema que supón abrir os centros os sábados para impartir master ou actividades similares.
- Escrito solicitando a realización dun concurso de traslados aberto a todo o PAS laboral.
- Solicitar á xerencia que as dúas prazas de técnico especialista de actividades deportivas se intenten cubrir por promoción interna.
- Nomear representantes do CI para escoller aos participantes no programa “labora”.
- Escrito solicitando que se arranxen as anomalías detectadas no Edificio Míralles.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Rodrigo Alberte Pivida
(vicepresidente)

INFORMACIÓN ANEXA A ACTA



Reunións de acción social:

22/10/2004

Asistentes: Augusto Viso, Antonio Rotea, Pilar Molist, José López, Alba Moldes, Victoria Alonso, Federico Fernández

1-Apróbase a acta anterior.

2- Estúdanse distintas propostas de acción social, unha de xerencia e outra do conxunto do PAS.

A Xerencia presenta unha proposta na que o criterio para a adxudicación das axudas é a renda per cápita da unidade familiar, que sexa unha proposta única para todo o persoal, con 3 tramos. Si non se presenta a documentación dos datos económicos éntrase no tramo máis baixo.

O Pas defende a súa proposta unitaria longamente debatida e acordada entre os órganos de representación do PAS. Entende que o PDI debe ir nunha convocatoria aparte xa que non consideramos que estea a aportar o 1% da masa salarial.

Logo de discusións sobre a incerteza de que o PDI teña o 1% da masa salarial para Acción Social e logo das explicacións de que entre seguro de vida, plan de pensións, intercambio de vacacións do Pas, curso de ortofonía, anticipos reintegrables e a propia convocatoria levan o 1% citado. Indica que o Pas estase a beneficiar da maior aportación do PDI.

Chégase ó acordo de facer unha convocatoria única e na que a renda per cápita decida a adxudicación das axudas. Nunha próxima reunión acordaranse outros temas da convocatoria.

3-Anticipos PAS. Como hai solicitudes de anticipos reintegrables nos que a súa suma supera o crédito dispoñible, decídese acudir á prelación establecida para decidir prioridades e aínda así hai 3 nas que non se lles pode dar o que piden, co cal se acorda distribuír o remanente dispoñible entre as 3 peticións restantes.

Anticipos PDI. Concédese unha e adíase a valoración da outra xa que se lle solicita documentación.

28/10/2004

Asistentes: Augusto Viso, Antonio Rotea, Juan José Santamaría, José López, Alba Moldes, Óscar Veloso, Victoria Alonso, Federico Fernández

1- Apróbase a acta anterior.

2- Logo de discusións sobre as propostas que estamos a tratar, xerencia corrixe a que tiña e propón unha na que aparecen 4 tramos, continúa con deixar ós que non aporten datos económicos no último tramo e fai as axudas compatibles pero con importes algo máis reducidos.

O PAS non está de acordo con parte desta proposta e negocia que sexan 5 os tramos e que as axudas sexan compatibles e segue a negociar, conseguindo acadar ese acordo pero rebaixando o importe máximo das axudas e que se consideren na unidade familiar os ascendentes e descendentes, así como que non haxa axuda de estudos para o persoal que xa ten matrícula gratuíta nas universidades públicas de Galicia.

A evolución dos tramos propostos pola xerencia é a que segue:



Ata 6316,80 euros	100% da axuda
De 6316,81 ata 12633,62	66% da axuda
A partir de 12633,63	33% da axuda

A segunda proposta foi

Ata 6316,80 euros	100% da axuda
De 6316,81 ata 11054,44 euros	80% da axuda
Dende 11054,45 ata 15792,05 euros	60% da axuda
A partir de 15792,06 euros	40% da axuda

A terceira foi

Ata 6316,80 euros	100% da axuda
De 6316,81 ata 11054,44 euros	80% da axuda
Dende 11054,45 ata 15792,05 euros	60% da axuda
Dende 15792,06 ata 20529,60 euros	40% da axuda
A partir de 20529,61 euros	20% da axuda

O dato de 6316,80 é o soldo mínimo interprofesional anual e os incrementos nos tramos son do 75% dese dato.

Acórdase que a convocatoria se publique a mediados de novembro e que o prazo para entrega de solicitudes sexa mediados de xaneiro.

Ó mesmo tempo as partes manifestan que a execución desta nova convocatoria aportará datos para poder facer as variacións que se consideren necesarias.

3- Trátase a petición dun anticipo dun PDI que se considera desfavorable por falta de documentación.

4- Pídese por parte dos representantes do PAS que se fagan as xestións pertinentes para que nos próximos orzamentos a partida de anticipos reintegrables sexa única para o PAS e o PDI .

A Universidade propón que para o vindeiro ano as axudas de tratamentos de saúde se xestionen fora desta convocatoria creando unha bolsa de cartos para iso e que se aplique unha táboa como a que aplica MUFACE.

(Informe feito por Federico Fernández representante do CI na Comisión de Acción Social)